

Relación de documentos que achegan coa solicitude, que deberá estar debidamente compulsada (disposición 6, parágrafo 3º):

- Fotocopia compulsada do DNI ou do pasaporte ou documento que acredite a identidade, nacionalidade e data de nacemento do interesado, así como, de ser o caso, as circunstancias do dereito a que se refire a alínea a) da base segunda.
- Fotocopia do contrato de traballo que acredite a condición de persoal fixo ou indefinido.
- Fotocopia da resolución que recoñeza a situación de promoción interna temporal.
- Fotocopia do título exixible para o desempeño da categoría de pertenza.
- Fotocopia do título exixible para o desempeño de distinta categoría á de pertenza.
- Certificado de servizos prestados ou documento que acredite a antigüidade da persoa interesada e anexo II do Real decreto 1181/1989.
- Fotocopia da resolución pola cal se considere a suspensión do contrato de traballo e se determine a súa causa, de ser o caso.
- No caso do persoal que exerza funcións ou desempeño de postos de xefatura, coordinación ou especial responsabilidade achegarase copia da designación realizada pola xerencia.
- Informe sobre funcións realizadas no desempeño do posto de traballo.
- Outra documentación:

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Resolución do 7 de novembro de 2007, da Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se fixan as datas para a realización dos exames ordinarios de 2008 para a obtención de titulacións para o goberno de embarcacións de lecer.

A orde da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura do 30 de xullo de 1998 establece a normativa xeral para a realización dos exames para a obtención das titulacións para o goberno de embarcacións de lecer.

Sendo necesario establecer a data e as condicións de inscrición nas convocatorias ordinarias previstas para o 2008, esta dirección xeral, en uso do establecido na Orde do 30 de xullo de 1998 (DOG nº 158, do 17 de agosto) e de conformidade coa Orde FOM/3200/2007, do 26 de outubro (BOE nº 264, do 3 de novembro).

RESOLVE:

Primeiro.-Proceder á convocatoria dos exames teóricos ordinarios de xaneiro, abril e outubro de 2008 nas seguintes datas:

1. Patrón para a navegación básica.

-Día 16 de xaneiro, nas horas fixadas polo centro no seu taboleiro de anuncios.

O exame realizarase no Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo, na Escola Oficial

Náutico-Pesqueira de Ribeira e na Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol.

-Día 15 de abril, nas horas fixadas polo centro no seu taboleiro de anuncios.

O exame realizarase no Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo, na Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira e na Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol.

-Día 15 de outubro, nas horas fixadas polo centro no seu taboleiro de anuncios.

O exame realizarase no Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo, na Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira e na Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol.

2. Patrón de embarcacións de lecer.

-Día 22 de xaneiro, nas horas fixadas polo centro no seu taboleiro de anuncios.

O exame realizarase no Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo, na Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira e na Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol.

-Día 22 de abril, nas horas fixadas polo centro no seu taboleiro de anuncios.

O exame realizarase no Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo, na Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira e na Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol.

-Día 21 de outubro, nas horas fixadas polo centro no seu taboleiro de anuncios.

O exame realizarase no Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo, na Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira e na Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol.

3. Patrón de iate.

-Días 23 e 24 de xaneiro, nas horas fixadas polo centro no seu taboleiro de anuncios.

Os exames realizaranse na Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira.

-Días 23 e 24 de abril, nas horas fixadas polo centro no seus taboleiros de anuncios.

Os exames realizaranse no Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo.

-Días 22 e 23 de outubro, nas horas fixadas polo centro no seu taboleiro de anuncios.

Os exames realizaranse na Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol.

4. Capitán de iate.

-Días 16 e 17 de abril, nas horas fixadas polo centro no seu taboleiro de anuncios.

Os exames realizaranse no Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo.

-Días 7 e 8 de outubro, nas horas fixadas polo centro no seu taboleiro de anuncios.

Os exames realizaranse no Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo.

5. Patrón de motos náuticas A e B.

-Día 22 de maio, nas horas fixadas polo centro no seu taboleiro de anuncios.

O exame realizarase no Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo.

Segundo.-Proceder á convocatoria dos exames prácticos ordinarios a motor de 2008 nas seguintes datas:

1. Patrón para a navegación básica, patrón de embarcacións de lecer, patrón de iate e capitán de iate.

A partir dos días 21 de febreiro, 22 de maio e 19 de novembro nas horas e lugares fixados polos centros nos seus taboleiros de anuncios para os candidatos inscritos.

Os exames realizaranse nos seguintes centros: Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo, na Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira e na Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol.

Terceiro.-Os candidatos deberán solicitar a súa admisión ao exame mediante instancia dirixida ao presidente do correspondente tribunal de exame para

a obtención das titulacións de referencia para os correspondentes exames teóricos:

Na convocatoria de xaneiro: desde o 13 decembro de 2007 ata o día 8 de xaneiro de 2008.

Na convocatoria de abril: desde o 12 de marzo ata o 4 de abril de 2008.

Na convocatoria de maio: desde o 29 de abril ata o 12 de maio de 2008.

E na convocatoria de outubro: desde o 8 de setembro ata o 27 de setembro de 2008.

E para os correspondentes exames prácticos:

Na convocatoria de febreiro entre os días 1 e 12 de febreiro de 2008.

Na convocatoria de maio entre o 1 e 12 de maio de 2008.

E na convocatoria de novembro entre o 30 de outubro e o 11 de novembro de 2008.

Xunto coa solicitude modelo será preciso presentar a seguinte documentación:

-Fotocopia do documento nacional de identidade.

-Unha fotografía recente de tamaño carné.

-Comprobante para a Administración do correspondente impreso de autoliquidación de taxas, copia para a Administración, debidamente validado pola entidade bancaria onde se realice o ingreso.

-De tratarse dunha persoa que polas súas circunstancias persoais necesite dunha adaptación especial no centro onde se vai realizar o exame ou ben precise dalgún tipo de asistencia especializada, deberá de expresalo por escrito achegando a documentación que confirme tales circunstancias, de xeito que a Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro poida remover, na maneira que considere máis conveniente, os obstáculos á realización do exame por parte desta persoa.

a) Para o exame teórico.

-No caso de que os candidatos teñan superado unha parte do programa da titulación a que se presentan, deberán achegar o certificado do derradeiro exame.

-Título, tarxeta ou xustificante de trámite de patrón de embarcacións de lecer, para presentarse a patrón de iate.

-Título, tarxeta ou xustificante de trámite de patrón de iate, para presentarse a capitán de iate.

b) Para o exame práctico.

-Certificado de ter aprobado o exame teórico se este se realizou fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

-Fotocopia da documentación da embarcación en que se vai realizar o exame, que acredite o cumprimento das condicións establecidas no artigo 8 da Orde do 30 de xullo de 1998 (DOG nº 158, do 17 de agosto).

Cuarto.-As mencionadas solicitudes deberán presentarse nas secretarías dos centros onde o alumno realice o exame de cada unha das titulacións.

Quinto.-Os presidentes dos tribunais, á vista das solicitudes recibidas, farán público no taboleiro de anuncios de cada centro examinador as listas de admitidos e excluídos, así como a hora de realización (e o día, se é necesario) das probas correspondentes a cada unha das titulacións.

Sexto.-Rematadas e corrixidas as probas, expoñeranse no taboleiro de anuncios dos centros realizados dos exames as listas das cualificacións obtidas.

Os interesados poderán, se é o caso, formular as reclamacións que consideren oportunas perante o presidente do tribunal, no prazo de 15 días, contados desde a data en que sexan publicadas as listas.

Sétimo.-Aqueles solicitantes que se atopen en posesión de titulacións que dan lugar á validación de partes dos programas, solicitarana perante o tribunal ao tempo que solicitan a inscrición para o exame, para o cal acompañarán a documentación necesaria para acreditar que están en posesión das titulacións que alegan para a validación. O tribunal resolveraa na lista pública de admitidos e excluídos.

Oitavo.-Os solicitantes deberán reunir as condicións físicas previstas na Resolución do 30 de decembro de 1997, da Dirección Xeral da Mariña Mercante.

Esta condición acreditarase mediante a presentación de certificado médico expedido de conformidade coa dita resolución, cando se solicite a tarxeta acreditativa.

Noveno.-Estas convocatorias e cantos actos administrativos deriven delas poderán impugnarse nos casos e na forma previstos na vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2007.

Fátima Linares Cuerpo

Directora xeral de Innovación e Desenvolvemento
Pesqueiro

ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

*Resolución do 21 de novembro de 2007
pola que se convocan unhas xornadas
sobre intervención e defensa persoal poli-
cial.*

Dentro dos programas de actividades que a Academia Galega de Seguridade Pública ten previsto realizar no ano 2007, e conforme as funcións atribuídas pola Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública, anúnciase a realiza-

ción dunhas xornadas sobre intervención e defensa persoal policial, que deberán desenvolverse conforme as seguintes bases:

Obxectivos.

As xornadas teñen por obxectivos xerais a ampliación de coñecementos sobre as últimas técnicas de intervención e actuación ante as distintas situacións problemáticas que se poidan producir no traballo e na función policial.

Destinatarios.

As xornadas van dirixidas aos membros dos corpos das policía locais de Galicia, aos membros da unidade do CNP adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia e, no caso de quedaren prazas vacantes, aos membros do Corpo Nacional de Policía e Garda Civil.

Inscrición.

A inscrición dos participantes será totalmente grauíta.

Prazas.

O número de prazas que se ofertan é de 80.

Solicitudes.

1. O persoal que desexe participar nestas xornadas deberá presentar, cuberta á máquina ou con letra moi clara, a instancia que figura no anexo, ou na páxina web <http://agasp.xunta.es>.

2. O prazo para a presentación de instancias rematará o día 17 de decembro ás 14.00 horas.

3. As instancias deberán enviarse á sede da Academia Galega de Seguridade Pública; avenida da Cultura, 36680 A Estrada; ou ben poden entregarse en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Materiais.

Os que resulten admitidos deberán presentarse a estas xornadas provistos de atavío deportivo e, no caso de ser posible, co material profesional de que dispoñan (grillóns, bastón policial, tonfa...)

Datas.

As xornadas terán lugar durante os días 21, 22 e 23 de decembro de 2007, no seguinte horario:

-Día 21: xornada de tarde (das 16.00 ás 21.00 horas).

-Día 22: xornada de mañá (das 9.00 ás 14.00 horas) e tarde (das 16.00 ás 21.00 horas).

-Día 23: xornada de mañá (das 9.00 ás 14.00 horas).

Relación de admitidos.

A relación de admitidos farase publica o día 19 de decembro a partir das 14.00 horas, no taboleiro de anuncios da Academia Galega de Seguridade Pública